

Bo día [nen@s](#) de 1º de Educación Primaria:

Como vades? Espero que moi ben. Xa nos quedan nada máis que dúas semanas para rematar este curso e esta semana tócanos seguir co tema dos sentimentos “feelings”.

Empezamos repasando a canción que escoitamos a semana pasada. O seguinte enlace é unha ficha interactiva tes que premer nos altavoces e escoitar como se sinten os [nen@s](#) e que cousas fan e despois relacionalos cos debuxos de arriba. Cando acabes preme abaixo da ficha onde pon **Finish!** E despois preme en **check my answers** e podes comprobar como che saíu, seguro que sacas un 10!!

Escoita primeiro a canción de novo e despois fai a actividade:

<https://www.youtube.com/watch?v=l4WNrvVjiTw>

Preme agora na actividade:

[https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English\\_as\\_a\\_Second\\_Language\\_\(ESL\)/Feelings\\_and\\_emotions/If\\_you\\_are\\_happy\\_song\\_dc128182it](https://www.liveworksheets.com/worksheets/en/English_as_a_Second_Language_(ESL)/Feelings_and_emotions/If_you_are_happy_song_dc128182it)

Agora imos a escoitar un conto de Steve and Maggie que se titula Are you happy? Are you sad?

<https://www.youtube.com/watch?v=5su1M6NdG-I>

Podedes xogar un xogo, un pregunta HOW ARE YOU? E o outro responde con algún dos sentimentos que acabades de ver no conto ou na canción. I AM.....HAPPY, SAD, ANGRY, HOT, COLD, SLEEPY, SCARED.

Tamén podedes xogar o xogo Lucky says. Os acordades que a ese xogo xogabades moito connigo un di Lucky says i´m happy e o outro ten que facer o xesto dese sentimento, Pero se non di Lucky says o pon outro nome por exemplo Pepito says... non tedes que facer nada e quedarvos sen mover. A ver cantas veces durades sen faiar. Explicádelleaos vosos pais como é e dade vos as instrucións a ver se duran 5 veces sen faios.

E por último imos a escoitar outro conto titúlase **In my heart** (no meu corazón) . Este libro téño eu , pero en español. Recordádeme que volo conte o ano que ven. A ver se podedes identificar algúns dos sentimentos.

<https://www.youtube.com/watch?v=xIfLgHBwYx4>

Esta semana non mando nada para imprimir.

Unha aperta grande e ata a semana.

Coidádevos moito!!